




G.C.S.U.S.
Grupo de Creación Sonora
da Universidade de Santiago



— colaboran —



LUGO CULTURAL



11SONS CREATIVOS

Arte sonora e electroacústica

PROGRAMA 2 MAIO

Casa do saber ás 20:30 h
Praza Pío XII, nº 3, 27001 Lugo

Entrada gratuíta ata
completar aforo

CREACIÓNS SONORAS:
**UNIVERSIDAD
POLITECNICA DE
VALENCIA (BLOQUE I)**

EN DIRECTO:
**INMACULADA
CÁRDENAS E BUZZ**

www.lugocultural.gal

PROGRAMA DOCICLO

XOVES 2 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:
**UNIVERSIDAD POLITÉCNICA
DE VALENCIA (Bloque I)**

CONCERTOS en directo:
**INMACULADA
CÁRDENAS E BUZZ**

VENRES 3 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.00 h

CONCERTOS en directo:
**EFRAÍN DIAZ,
SIMÓN DESORGHÉ e
DAVID STEVENS**

SÁBADO 4 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:
**Universidad Politécnica
de Valencia (Bloque II)**

CONCERTOS en directo:
**MÓNICA ÁLVAREZ e
SUSAN DRONE**

DOMINGO 5 DE MAIO

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:
**UNIVERSIDAD POLITÉCNICA
DE VALENCIA (Bloque III)**

CONCERTOS en directo:
ATILIO DORESTE e A.A.V.V

11SONS CREATIVOS

Os 11^o Sons Creativos traen de novo á vida cultural de Lugo un aspecto da música pouco habitual na programación: o mundo da música electroacústica e da arte sonora, baixo a dirección de Inmaculada Cárdenas, e contando coa colaboración, como codirector, do artista sonoro e compositor Xoán-Xil López.

As propostas electroacústicas e de arte sonora deberían de ampliar a súa marxe de difusión e a Área de Cultura da USC a través desta plataforma quere colaborar a que isto sexa unha realidade. Continuando coa liña marcada nas pasadas edicións, estes SONS CREATIVOS proxéctanse co obxectivo de impulsar o diálogo entre propostas da escena local e internacional e a colaboración con outras institucións (universidades, fundacións, etc.) que dedican un importante esforzo ao apoio da creación sonora contemporánea.

Nesta ocasión contaremos coa presenza dos artistas e compositores ATILIO DORESTE, DAVID STEVENS, MATEO MENA, RAMÓN SOUTO, SIMÓN DESORGHÉ e SUSAN DRONE. Ademais INMACULADA CÁRDENAS, EFRAIM DÍAZ e MÓNICA ÁLVAREZ, membros do GCSUS, presentaran algúns dos seus recentes traballos.

Este ano tamén contamos coa inestimable colaboración da AMEE (Asociación de Música Electroacústica de España), a través dunha dobre convocatoria de concertos, e da Universidade Politécnica de Valencia un centro de referencia cunha ampla traxectoria tanto na creación como na educación arredor da arte sonora. Miguel Molina preparou unha selección de traballos tanto individuais como colectivos que amosan a amplitude dos postulados cos que se pode enfocar este ámbito artístico.

+ info e matrícula nos obradoiros en:
sonscreativos.weebly.com

Oficina de Cultura
Sita no Vicerreitorado de Coordinación Campus Lugo

982 821 513
cultura.lugo@usc.es

11SONS CREATIVOS
Arte sonora e electroacústica

CREACIÓN SONORAS

OBRAS DA UPV (Bloque I)

Don Micrófono. Propuesta de micrófonos personalizados

Autores: Nerea Díaz, Edoardo Ettorre, Laura Fernanda Florez, Núria Gonzáles Soria, Run Xin Zhou, Anna Maria Lombrado, Laura Gaitán Cánovas, Guillermo Cabo Mur, Javier García Pérez, Juan Domingo Linares, María Ciocnadi, Belén Costa, Cristina Martínez Hortelano, Paula Medina, Aina Ballesteros, Ludovica Bellisario, Luzia Rua, Gabriela del Valle, Lorena Cabo Moya, Clara Ramada, Ruben Rodriguez Sanjuan, Antonio Santoyo e Marta Gonzáles Rivero.

A proposta xorde dunha revisión do artigo "Entrevista a D. Micrófono" (Revista Ondas, 28 de marzo de 1931) de César González-Ruano, onde este autor fai unha acción sobre un micrófono humanizándoo con capa e chapeu, para entrevistalo. Entre as súas respostas D. Micrófono contesta: "Cando quero tamén invento o meu". A partir diso, suscitouse un exercicio de personalizar micrófonos con piezos e cápsulas electret construídos polos

autores, coa intención de que conciban o micrófono non só como instrumento ou medio técnico de gravar sons, senón tamén polo seu carácter creativo e conceptual do mesmo dispositivo. Pedíuselles que graven, documenten en vídeo, fotografen ou realicen unha performance sonora a partir dos resultados producidos. Este vídeo recopilatorio corresponde a unha selección dalgúns dos resultados, que foron realizados por estudantes que acceden ao campo sonoro por primeira vez e que cursan a materia de grao "Arte Sonora" (curso 2018-2019) pertencente ao Dpto. de Escultura da Facultade de Belas Artes de Valencia. Esta materia é impartida polos profesores Stefano Scarani e Miguel Molina-Alarcón da Universitat Politècnica de València. Os resultados obtidos formaron parte dunha actividade do Proxecto de Investigación Proxecto I D ref. HAR2014-58869-P, concedido polo Ministerio de Economía e Competitividade.

CONCERTOS EN DIRECTO

INMACULADA CÁRDENAS

BIOGRAFÍA: Nace en La Línea (Cádiz) en 1952, e reside en Galicia dende o ano 1983, cando se incorpora á Universidade como profesora de música. É compositora e catedrática da área de Música da Universidade de Santiago de Compostela. Doutora pola Universidade de Sevilla, realiza estudos de musicoloxía na Sorbona e posteriormente no GRM. Da man de François Delalande entra en contacto coa música electroacústica, realizando cursos de electroacústica con distintos compositores do GRM.

Espazo Permeable será o primeiro grupo que dirixa musicalmente, realizando con este grupo de artistas plásticos o Concerto para Esculturas Sonoras. En 1995 creou o Grupo de Creación Musical da USC (GCMUS), actualmente GCSUS, e proseguiu o seu labor compositivo con obras electroacústicas realizadas no LIEM do CDMC (Madrid).

En marzo de 2015, programouse na Casa de España en Miami, dentro do ciclo de músicas electroacústicas da Universidade de Miami, a súa obra La Línea-La Habana. A súa obra Miniaturas Sonoras, estreada nos Sons Creativos de 2016, foi seleccionada e presentada no Festival Punto de Encuentro, celebrado en Berlín en febreiro dese mesmo ano.

OBRA: *Dos cuadros para Iguazú* (estrea) Peza para piano en dúas partes. Nela Inmaculada continúa coa técnica de "debuxar" ao piano. O primeiro dos cuadros trata de representar a auga e o segundo o tren.

Cada unha das pezas, cunha duración aproximada de seis minutos, está acompañada por unha gravación de campo que fai referencia a estes temas.

BUZZ

MATEO MENA+ RAMÓN SOUTO

BIOGRAFÍA: Formado polo músico e luthier electrónico Mateo Mena (Santiago de Compostela, 1983) e o compositor Ramón Souto (Vigo, 1976), Buzz, desenvolve proxectos sonoros baseados na exploración de circuitos construídos artesanalmente, na recuperación de tecnoloxías e dispositivos obsoletos e na investigación de fenómenos científicos experimentais.

En diálogo coa instalación, coa performance, coa música contemporánea e coa arte comunitaria propoñen unha exploración extensiva dunha gama moi reducida de elementos sonoros que conxugan dende unha concepción arquitectónica dos procesos temporais.

OBRA: *Gryllidae*

En setembro de 2017, unha morea de diplomáticos da embaixada estadounidense na Habana informaron de síntomas como mareos, vertixe, confusión mental, xordeira parcial e lagoas no vocabulario básico, supostamente causadas pola exposición a sons persistentes de orixe descoñecida. Investigacións posteriores confirmaron que os rexistros coincidían nitidamente co canto dos *Anurogryllus celerinictus* macho fregando lubricamente as súas escleróticas ás durante o cortexo.

Baixo o alcume de Buzz e con transdutores electroacústicos modificados, Mateo Mena e Ramón Souto reproducen as músicas de estrutura regular e notable complexidade destes ortópteros descritos por primeira vez no ano 1973 por Thomas J. Walker: duración, repetición, intensidade, estabilidade e oscilación; unha paisaxe sonora electrónica a partir da acumulación de 16 módulos de insectos elaborados artesanalmente.

Unha produción de Vertixe Sonora e o Campus Crea s2i a través do IGAS —Instituto Galego de Sonoloxía da UVigo— coa colaboración do biólogo José María Sánchez Fernández, do enxeñeiro Xosé Manuel Lemos, do Obradoiro Artesán en Madeira de Severino García Seijo e de Blanca Viñas.